

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
12 FEB 2016	
N.º ENTRADA 4296	N.º SAIDA

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

CONCELLO DE ENTRIMO REXISTRO XERAL	
Entrada n.º	_____
Salda n.º	106
Data	5 - Febreiro - 2016

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
Rúa do Progreso, 32
32003-OURENSE

ASUNTO: Certificación do acordo adoptado polo Pleno de data 03/02/2016


Xunto coa presente, e aos efectos oportunos, achégase certificado do acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada en data 03/02/2016, en relación coa adhesión do Concello de Entrimo ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

Entrimo, 4 de febreiro de 2016.

O Alcalde

Asdo.: Ramón Alonso López





CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Rocío Costoyas Riveiro, Secretaria-Interventora do Concello de Entrimo, **CERTIFICO:**

Que o Pleno do Concello de Entrimo na sesión ordinaria celebrada en data 3 de febreiro de 2016, tomou o seguinte acordo que se transcribe:

“VI.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Visto o convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, o Pleno, por unanimidade dos oito membros presentes, cinco concelleiros do PSOE e tres concelleiros do PP, ACORDA:

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Entrimo ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2º) Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6,7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3º) Designar como persoa responsable da execución do convenio á Secretaria-Interventora. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.”

E para que conste ós efectos oportunos asino o presente, coa salvedade do disposto no artigo 206 do ROF, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, Ramón Alonso López, en Entrimo a 4 de febreiro de 2016.

Visto e prace
O Alcalde

Ramón Alonso López



A Secretaria

Rocío Costoyas Riveiro